

# CONSIDERACIONES DE CIG SOBRE O EXPEEDENTE DE REGULACION DE EMPREGO EN TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.U.

## INTRODUCCION.

O pasado día 25 de xuño Telefónica presenta ante a Dirección Xeral de Traballo un ERE que terá efecto sobre 15000 traballadores no periodo 2003-2007.

Esta medida empresarial non pode considerarse un feito circunstancial nin aillado. Hai que ter en conta que no ano 1999 xa presentou outro ERE e foi autorizada polo organismo competente a reducir 10848 postos de traballo no periodo 1999-2000. Pero mesmo o anterior ERE xa se producía despóis de varios programas de prexubilacións e desvinculacións en anos anteriores, desde 1992, que reduciron o cadro de persoal dede mais de 76000 traballadores a 53.000 antes de aplicar o ERE de 1999.

Non parece por tanto desacertado contextualizar esta nova medida dentro dun proceso, o noso entender, perfectamente deseñado e progamado desde hai xa anos, buscando desmantelar unha empresa como é Telefónica de España S.A.U.

Hai que recordar que da Compañía Telefónica Nacional de España, surxe a partir de 1998 o que hoxe coñecemos como Grupo Telefónica. Hasta 1995 todos os servicios de telefonía que se prestaban en España realizabaos Telefónica de España S.A. que era o nome que tiña nese momento o que antes se chamaba Compañía Telefónica Nacional de España. A partir de 1995 segregase a actividade da Telefonía Móbil, aínda dando os primeiros pasos, e cun volumen de negocio moi modesto, pero con unhas grandes perspectivas de desenvolvemento e potencial de crecemento. O persoal que se transfere a nova empresa é mínimo dentro do total. Situacións similares suceden por esas datas coa Transmisión de datos, Telefónica Internacional, etc. É decir, segreganse actividades aínda pouco desenvolvidas, pero con un importante potencial de crecemento e con elas vaise moi pouco persoal que queda en Telefónica de España S.A.

En 1998 o Consello de Administración de Telefónica de España decide formalizar a constitución dun Grupo no que designa unha empresa, constituída xa ou en fase de constitución, para cada actividade.

A telefonía fixa en España asignaselle a unha empresa que se constitue naquel entonces e que se denomina TESOSTESA (Telefónica, Sociedad Operadora de Servicios Telefónicos S.A.) transferíndolle practicamente a

totalidade do persoal que tiña nese momento Telefónica de España. S.A. que a súa vez pasa a denominarse Telefónica S.A e que será a cabeceira do grupo con un reducido número de persoal. No ano 1999 o nome de TESOSTESA volve a cambiarse e a partir dese intre denomínase Telefónica de España S.A.U.

É evidente que con estas medidas organizativas a Dirección de Telefónica o que busca é separar dos negocios emerxentes os negocios “maduros” por utilizar a terminoloxía empresarial na memoria do actual ERE. Busca que a telefonía fixa, que xa non pode ter un gran recorrido (en 1998 a presenza do teléfono en España é casi universal) asuma todos os costes laborais dun cadro de persoal que debería haber sido distribuído entre todas as áreas de negocio do grupo, entre as que se atopan as que naquel momento se consideran de gran futuro como a telefonía móbil ou a transmisión de datos, etc.

Era evidente que se buscaban argumentos para presentar a regulación de emprego que no ano seguinte (1999) se presenta en base a necesidade de adaptar de maneira definitiva o cadro de persoal a nova situación que se xenera como consecuencia da liberalización do mercado.

A CIG xa consideraba en 1999 que o ERE que se xustificaba como unha medida definitiva para axustarse a nova situación de mercado e para evitar futuros desequilibrios non iba a ser definitivo e plantexabamos que detrás daquel virían novos axustes. Así o fixemos constar nas alegacións, no Recurso de Alzada e no Contencioso Administrativo que presentamos a raíz da aprobación pola Dirección Xeral de Traballo do ERE do 99. Agora, coa presentación dun novo ERE vemos como aquelas previsións se cumpren, porque xa daquela, que non había causas obxectivas para que se autorizase, contemplabamos a medida empresarial como unha parte con antecedentes e consecuentes dun proceso de desmantelamento desta empresa.

#### SITUACION MACROECONOMICA

É cando menos curioso que Telefónica de España S.A.U. se refira entre as xustificacións que presenta na Memoria a que o alto nivel de endeudamento das operadoras motivado polas inversións en UMTS, LMDS, Cable, Televisión Digital, Contidos de Internet son factores que se deben contemplar á hora de autorizar o novo ERE. É coñecido por todos que estas inversións son alleas tanto a Dirección de Telefónica de España S.A.U. como a actividade que ésta desempeña. Non parece de recibo que se queira

xustificación un ERE e TESAU por unhas inversións que fixeron outras empresas do grupo.

A solidariedade entre as empresas do Grupo, que nós defendemos como principio legal a ter en consideración á hora de autorizar un ERE cando o grupo ten beneficios e hai algunha empresa do grupo que poidera estar en situación económica adversa, non pode contemplarse perversamente no senso contrario como parece que se pretende con esta argumentación empresarial. Como hai unha serie de erros que se cometeron no momento de facer inversións millonarias por parte doutras empresas do grupo (sin haber globalmente perdas no grupo, nin na empresa obxecto do ERE) pois entón arreglamolo “solidariamente” reducindo o cadro de persoal nunha das empresas que non teñen responsabilidade nin relación de actividade con esas inversións.

Un novo argumento é que na actualidade a cotización en bolsa das accións é moi baixa e non permite que sexa un elemento de financiación como o é habitualmente en momentos de puxanza económica.

En primeiro lugar Telefónica de España S.A.U. non cotiza en bolsa –é unha sociedade unipersonal na que todas as accións pertencen á cabeceira do grupo, Telefónica S.A.-

Unha segunda perspectiva sobre este argumento é que a baixa cotización neste momento das accións de Telefónica non é unha situación particular. Prácticamente todas as empresas que cotizan en bolsa teñen actualmente unha cotización moi inferior a que tiñan hai tres anos. Si en base a esta situación todas as empresas nesas condicións presentasen ERES que afecten a máis dun tercio dos actuais cadros de persoal chegaríamos a unha situación inimaxinable e insostible de paro. Por outra parte o valor das accións non reflexa fielmente a realidade económica das empresas, como é o caso que nos ocupa, pois a pesar do valor da acción de Telefónica a realidade é que ésta está a manter unhas importantes beneficios a pesar das desastrosas inversións e temerarias aventuras empresariais que fixeron anteriores directivos do grupo.

Argumentase tamén que é necesario reducir gastos operativos (en persoal por suposto) para frear a crise no sector. Que isto tamén o están a facer as operadoras europeas.

Hai que considerar que a maioría das operadoras europeas, porque os gobernos respectivos no profundizaron no proceso de liberalización coa mesma premura co goberno español, non tiñan aínda iniciado procesos de redución de cadro de persoal, cousa que en Telefónica de España S.A.U. sucedeu de maneira continuada desde principios da década pasada. Hai que

recordar que no 92 había en Telefónica 76.000 traballadores e que neste momento hai pouco mais de 40.000, que queadrian en 25.000 despois do actual ERE que pretende Telefónica.

E necesario introducir aquí o dato que a propia memoria de Telefónica aporta respecto da rendabilidade dos traballadores de Telefónica, expresada en liñas por empregado que é na actualidade 511,7. Esta cifra é realmente espectacular e convirte os traballadores de Telefónica de España S.A.U. nos máis productivos do mundo.

### PANORAMA COMPETITIVO

Que o gasto telefónico por habitante é moi reducido en España comparativamente con outros países, especialmente cos escandinavos non pode ser un argumento para que se poida aceptar un ERE. Por unha banda se o gasto/ habitante é baixo hai un potencial de crecemento que non teñen nos países que xa teñen un alto gasto. Outra cousa son as causas polas que a poboación española gasta menos que outras en teléfono. Hai sin duda unha relación directa entre este gasto e o poder adquisitivo dos cidadans. Pero seguro que outros moitos produtos e servicios son menos usados por nós que polos habitantes doutros países. Isto non podería xustificar que todos esos prestadores de servicios e fabricantes optasen por reducir os seus cadros de persoal.

### REGULACION PARA A LIBERALIZACION E A ENTRADA DA COMPETENCIA.

Coincidimos neste factor con Telefónica en que as medidas adoptadas pola CMT sobrepasan con moito o razoable. Telefónica está a cargar coa maior parte dos costes da liberalización. En realidade ésta estase a facer a costa de Telefónica, non só pola perda de clientes senón tamén polas condicións de servidume que lle impón a Telefónica para favorecer as outras operadoras. Nembargantes isto, e como se recoñece na propia memoria, aínda así Telefónica segue a ser, con moita diferenza, a operadora que domina o mercado da telefonía fixa en España.

Parece inadmisibile, que esta situación de conflito entre a CMT e Telefónica teña as súas consecuencias directas nas regulación do emprego nesta última. Non pode ser que os traballadores de Telefónica sexan os que paguen, finalmente, as consecuencias e os costes da liberalización do mercado da telefonía fixa en España perdendo o sue emprego.

## REGULACION DO EMPREGO NOUTRAS EMPRESAS DO SECTOR EN ESPAÑA.

Parece razoable que as empresas que están a xerar perdas e non conseguiron os clientes para os que dimensionaron os seus cadros de persoal adopten medidas de axuste, pero no caso de Telefónica estas medidas non están xustificadas. Primeiro porque estamos ante unha empresa con importantes resultados económicos. Segundo porque si as outras empresas non conseguiron os clientes que preveían é porque eses clientes mantenos Telefónica.

### PERDIDA DE NEGOCIO

Aludese a diminución de uso en distintos tráficos e tamén a diminución de minutos de uso telefónico total. Esta situación parece lóxica si consideramos, en primeiro lugar que houbo transferencia de clientes hacia outras operadoras. En segundo lugar a crise económica afecta tamén os consumidores que adaptan o seu gasto o seu poder adquisitivo, tamén no uso do teléfono ou nos servizos telefónicos.

### COMPETENCIA DO MOBIL

Na páxina 39 da Memoria xustificativa que presenta Telefónica hai un cadro que a utilización do móbil representa cada vez unha maior porcentaxe de uso total da telefonía de voz e outras. Isto é lóxico porque a introducción do móbil foi espectacular nos últimos anos, pero isto non quere dicir, e así se pode ver con unha mirada atenta a ese cadro, que se perdesse uso da telefonía fixa. Vese claramente como hai un incremento nos minutos totais de uso do fixo aínda que o incremento do móbil sexa superior.

### COMPETENCIA DO CABLE

O gráfico da paxina 40 demostra con datos obxetivos que a finais de 2002 había máis liñas fixas que en 1999. Os datos reflexados para o 2003 e 2006 son só estimacións que lóxicamente deben contemplarse como tais, e no contexto no que se presentan o seu valor, cando menos, é moi discutible.

### PERDA DE INGRESOS

Referida a precio/minuto necesariamente reflicte unha perda de ingresos respecto ó que se ingreseba antes por cada minuto, xa que houbo unha baixada de precio. Pero os ingresos na empresa si nos referimos a tempo,

non dependen exclusivamente do precio por unidade de tempo, senón tamén de tempo de uso e como este medrou, por eso os ingresos non se viron reducidos, senón que se teñen incrementado no último exercicio.

### PERDA DE CUOTA DE MERCADO.

A cuota de mercado da telefonía fixa, para Telefónica non pode facer outra cousa que reducirse. Non se debe obviar que si partiamos dun 100% do mercado, calquera evolución ou modificación, por pequena que sexa, vai producir merma en quen tiña ese 100%. Pero que outras operadoras aparezan no mercado e vaian adquirindo cuota dese mercado, non quere dicir necesariamente que o número de clientes de Telefónica descenda nese número (pode haber novos clientes) nin moito menos que eso signifique unha diminución de ingresos, que como xa se dixo tampouco se produce, como o reflexan as contas de Telefónica.

Hai ademáis que recordar que o ERE de 1999 xustificouse na necesidade de axustar o cadro de persoal a nova situación creada pola competencia e parece máis que suficiente para compensar a perda de 724.000 clientes en catro anos a redución de máis de 11.000 empregos que daquela se realizou.

### RESULTADOS ECONOMICOS

Á vista dos resultados económicos dos últimos anos tampouco a situación de Telefónica de España é unha situación que xustifique unha medida como un expediente de regulación de emprego para 15000 traballadores, pois vemos como os ingresos por operacións, aínda que levemente manteñen un incremento nos últimos anos.

Os gastos por operacións son inferiores no 2002 ós de 2000. No 2001 houbo un baixada máis significativa que fai que estes gastos fosen inferiores os de 2002.

Se nos referimos o EBITDA vemos como a evolución é nos últimos anos realmente positiva: 2000: 4448,4, 2001: 4508,1 e 2002: 4517,2 expresados en millóns de euros.

Nas previsións que fai a Empresa na súa memoria o incremento de gastos, non debería estar xustificada sobre todo no que a gastos de persoal se refire, pois o expediente de regulación de emprego actual debería reducir de maneira notable os gastos de persoal. Doutra maneira non estaría xustificado tal ERE.

## ACTIVIDADE CONTRATADA

Hai que destacar que na actualidade Telefónica de España S.A.U. ten traballando na área de Operacións a 18.000 traballadores de empresas de contrata cando o cadro de persoal propio na área é de 15.000 traballadores. Estes datos facilitounos a propia empresa durante a actual negociación colectiva. Tampouco non se debe obviar a presenza da empresa ATENTO realizando actividade para a área de comercial que permite que nesta área exista un número moi inferior de traballadores propios do que sería necesario en caso de non existir ATENTO.

Esta situación revela que en realidade a Telefónica non lle sobra ningún traballador. Incluso lle farían falla moitos máis dos que ten.

## CONCLUSIONS

Analizados os argumentos de Telefónica de España, así como a presenza na actividade de Telefónica de España S.A.U. de numeros traballadores de empresas de contrata, non cabe pensar outra cousa que o ERE que presenta Telefónica ten máis explicacións en buscar desfacerse de persoal propio para utilizar a contratación da súa actividade noutras empresas, con condicións de traballo máis precarias. É decir, parece que o obxectivo de Telefónica se xustifica máis en buscar substituír emprego de calidade por emprego en precario que nunhas necesidade obxectivas de redución de cadro de persoal.

Galicia 22 de xullo de 2003